



**ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 06 DE  
FEBREIRO DO 2023**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dn. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. José Manuel Cendán Fernández D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e vinteseis minutos do día seis de febreiro do dous mil vinte e tres, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- Delegación na Deputación Provincial da Coruña contratación das actuación para recuperación e posta en valor das baterías militares de Ares.**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que nesta sesión extraordinaria hai dous puntos, ou primeiro que é delegación na deputación provincial da Coruña contratación das actuación para recuperación e posta en valor das baterías militares, e ou segundo punto que é “elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano de auga (PERTE dixitalización do ciclo de auga) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia”, este punto retírase do orde do día do pleno porque tanto o Concello de Mugardos como o de Fene prefiren tramitar ou PERTE noutra convocatoria e en consecuencia, o traballo xa está feito, a verdade é que é unha pena, nós estabamos dispostos para seguir adiante con este proxecto e de feito fomos vos impulsores pero ben, tamén entendo que non todos os concellos funcionan igual e en consecuencia, decidiron seguir traballando na seguinte convocatoria e polo tanto este punto retírase do orde do día porque non chegamos a tempo. Cando depéndese doutros non é un





tema que podamos decidir nós en consecuencia, seguimos colaborando e seguimos traballando e estamos a empezar coa posta en común das bases e o temos clarísimo, eu creo que eles tamén pero a axilidade das administracións non é a mesma, e polo tanto temos que seguir ao ritmo de Mugar dos aínda que non sei porque, pero é un ritmo de diferente e con Fene xa estamos comprometidos dende fai anos con moitos temas e imos a seguir dándolle impulso a este tema pero temos que ser os tres concellos porque temos que chegar ao mínimo de habitantes que son 20.000 e sobre as bases nas que estivemos traballando estas semanas, deixaremos todo preparado para a seguinte convocatoria, vai a haber once, esta é a primeira e a primeira é complicada porque todas son dúbidas, todas son consultas ao Ministerio e vai haber máis PERTE e entón queda para a seguinte convocatoria polo tanto o pleno queda cun único punto do orde do día que sería “Delegación na Deputación provincial da Coruña contratación das actuacións para recuperación e posta en valor das baterías militares de Ares”.

**Dáse conta do modelo de certificado do concello para delegación da contratación do expediente de recuperación e posta en valor das baterías militares.**

*Modelo de certificado do Concello para delegación da contratación do expediente de recuperación e posta en valor das baterías militares*

..... Secretario/a do Concello de Ares

CERTIFICA:

Que o Pleno do Concello de Ares, na sesión celebrada o día ..... adoptou o seguinte acordo:

**Aprobación da delegación na Deputación Provincial da Coruña da contratación das actuacións para recuperación e posta en valor das baterías militares de Ares**

Delegar na Deputación Provincial da Coruña a contratación das actuacións para recuperación e posta en valor das baterías militares de Ares.

A delegación comprende a contratación dos servizos de redacción dos proxectos e contratos complementarios (co-dirección, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade e seguimento arqueolóxico) así como a contratación das obras e subministracións, no seu caso, con arranxo aos pregos que aprobe a Deputación, a adxudicación por procedemento aberto e a formalización dos contratos, a tramitación e abono das correspondentes certificacións de obras e facturas, control e seguimento da execución dos contratos, resolución de incidencias





contractuais, modificacións e demais prerrogativas inherentes á contratación, formalización da acta de recepción, extinción do contrato e todas as facultades correspondentes á contratación das obras, servizos e subministracións que se requiran, relacionadas coas actuacións de recuperación e posta en valor das defensas costeiras no ámbito territorial do municipio.

Unha vez realizada a acta de recepción realizarase a ulterior entrega ao concello de Ares.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en ..... data....

O/A Secretario/a

Visto e praxe.

O Alcalde

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que a Deputación quere darlle impulso a recuperación e posta en valor de distintas baterías dá zona unha de Valdoviña, outra de Ferrol e outra de Ares, eles encárganse de todo, elaboración de proxectos, tramitación ante patrimonio, financiamento etc... encárganse absolutamente de todo entón, temos que delegar no ente provincial todas actuacións para a recuperación das Baterías, en consecuencia aforramos tempo, cartos ou fan eles todos por encargo dous concellos de Valdoviño, Ferrol e Ares, nós estamos aí metidos e non podemos marcar a pauta, tampouco depende de nós igual que ou PERTE, temos que ir dá man doutros concellos e en consecuencia esta é a razón dá delegación.

O Sr. Alcalde abre unha quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que en canto o tema dá delegación e tramitación das obras, repetimos o mesmo que dixemos o outro día, non é de recibo nin dá lugar a contratación e facer unha obra sen saber o contido desa obra aínda que a execute outra administración pero sería executada non noso termo municipal. O BNG sempre defendeu a necesidade dun proxecto global de posta en valor das antigas baterías e pasaría por unha negociación con defensa para a posta a disposición gratuíta para vos concellos entón, o concello ten dereito e ten o deber de coñecer e estar de acordo coa actuación que pretenden facer. É fácil de ver en termos domésticos porque se eu vivo non edificio con varias vivendas se se quere reparar, amañar ou rehabilitar ese edificio que nos vai a afectar a todos os veciños/as e a todas as vivendas, loxicamente temos que ter un proxecto claro podamos ou non podamos pedir, pero polo menos ter claro o que se quere facer porque nos vai a afectar a todos os





veciños/as dalgunha maneira entre outras cousas porque o imos a ter que pagar neste caso o fai a deputación pero é que os cartos dá deputación son nosos, pagámoslos nós entón nos afecta e loxicamente a comunidade de veciños/as terá que ter ou coñecemento dás actuacións e como van repercutir na vida diaria e posterior, canto vai a durar a obra, en que vai a consistir, que finalidade e mellora ten o que carrexan a cada vivenda, os cartos son de todos polo tanto todos temos dereito a saber como se vai a actuar e referido as Baterías lóxicamente as Baterías son a nosa casa son parte do noso edificio entón, loxicamente nós temos que deixar que a obra a faga un técnico, un especialista, xente preparada pero os cartos tamén son nosos e temos dereito a saber como vai a afectar a todos vos veciños/as e que consecuencias vai a carrexar. Ademáis, nós non dubidamos dá profesionalidade, dá preparación dos responsables do proxecto, pero nós o que non coñecemos non o podemos valorar, entón este tema ten que quedar sobre dá mesa ata que deputación presente un avance, xa non pedimos un proxecto super profesional, polo menos saber como nos vai a afectar polo tanto, isto debería quedar sobre dá mesa ata que tiveramos coñecemento dunhas notas básicas.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que a posición do BNG non é nova, en consecuencia sempre oponse e rexeita todos avances significativos que se poden dar neste concello, tendo en conta que estiveron en contra do centro de día, dá gardería etc... están en contra de todo o que implica avanzar e progresar en todos os servizos que podamos ofrecer. A frase máis repetida nestes dezaseis anos é que quede enriba dá mesa e que quede enriba dá mesa todo, a deputación ten un goberno non que patrimonio e contratación está máis do BNG, pois que chamen ao BNG e que pregunten.

Intervén a Sra. Brage Otero dicindo que non é certo.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que o servizo de patrimonio e contratación, patrimonio está en mans do BNG pero que lle imos a facer, a deputación pídenos esta delegación e polo tanto hai un goberno, co PP podes desconfiar porque non goberna a deputación pero que desconfíen dous partidos que soportan ou goberno provincial e que cuestionen a delegación que nos pide a propia deputación pois pono enriba dá mesa é esa situación tan especial. Cando gobernamos a xunta tiveron a dirección xeral de patrimonio e de vivenda, foron a Redes cunha paleta de cores, ningunha inversión en Redes por parte das consellerías que levou o BNG, nin a primeira e alí levaban patrimonio é vivenda, alí foi Encarna Otero cunha paleta de cores a





Redes da que nunca máis se soubo nada, todas as obras as fixo a consellería de presidencia e o goberno de España a traves do ministerio que leva costas e o mesmo podemos dicir das Baterías e Santa Catalina. Nós porque temos este problema, porque un alcalde no ano 1987/88 non quixo mercar o mosteiro e as Baterías por douscentas mil pesetas, un alcalde do BNG ofreceronlle as Baterías e o mosteiro por douscentas mil pesetas e quedou enriba da mesa tamén, o tema quedou enriba da mesa e seguimos así, no 2023 seguen sendo de defensa e seguimos sin ter a titularidade do mosteiro e das Baterías, o mesmo co saneamento de Chanteiro, a estrada, aquí parece que o único alcalde fun eu pero efectivamente a democracia chegou no ano 1979 e todo iso se fixo cando estivemos nós no goberno, parece que no houbo alcaldes antes, o saneamento, o abastecemento, a estrada a Chanteiro, a estrada a Redes en fin, é increíble e foi deputado provincial e estivo de deputado nos gobernos de coalición tamén con Moreda, que trouxo ese deputado provincial a Ares, que trouxo que amaño fixo en Santa Catalina, que amaño fixo nunha Batería, que amaño fixo na estrada, que auga e que saneamento trouxo a Cervás e a Chanteiro que foi un deputado provincial e un liberado do partido que traballou moitos anos para a deputación, pero moitísimos e foi alcalde cando lle ofertaron iso por douscentas mil pesetas entón que vou a dicir dun partido que tendo as responsabilidades na man deixou todo enriba da mesa, pois que lle siga dicindo aos demais que deixen todo enriba da mesa, o deixaron eles enriba da mesa, o deixaron todo enriba da mesa, e logo queren efectivamente o que ten relación coa terra, con Galiza, en Redes cero, en Cervás cero, en Chanteiro cero, no mosteiro cero, nas Baterías cero e o que ten relación co noso, é efectivamente o que ten relación con todo o noso, o nacionalista son eu, porque efectivamente ser nacionalista é facer cousas e mellorar o noso, non deixalo enriba da mesa, o nacionalista aresán son eu, o que pide todo para Ares e non deixa nada enriba da mesa e que quere que Ares avance entón é increíble, un goberno do BNG e do PSOE que levan patrimonio, patrimonio leva o BNG na deputación e esto ten que ver con patrimonio porque ten que ver coa recuperación do noso patrimonio é dicir, lle dicimos a noso goberno no que estades vos que o deixe enriba da mesa en fin..

O Sr. Alcalde remata a súa intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o seu voto vai a ver a favor porque a deputación para a atender aos concellos como por exemplo en Ares que non se chegaba ao 50% da recadación dos recibo e xa pasamos a máis do 80% a verdade é que foi un





éxito o único concello que quedou sen entrar da comarca foi o de Mugardos, non quixo entrar, pero eu creo que foi un éxito. O que tamén hai que ver é que a deputación ten oitocentos funcionarios e moi profesionais, para e isto hai un área é máis conveniente telo ahi, axiliza máis, son máis profesionais e saben o que teñen que facer. En relación ao que dixeches, primeiro houbo que publicalo durante un mes ou dous porque eses terreos foron expropiados no seu día, estivo a lista publicada con cincocentos propietarios pero despois de pasar douscentos ou trescentos anos ninguén reclamou porque ademáis as propiedades as podían recuperar por cincuenta pesetas ou cen pesetas que era o valor da expropiación pero iso quedou ahí, o expediente o tiña o secretario enriba dun moble e ahí quedou eu falei un día co voceiro do BNG para decirlle que había que mercalo porque era unha pena, era un regalo pero ao final ahí quedou e iso foi o que pasou.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que entón quedou enriba da mesa.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que dun moble pero ben ao que imos, delegar as actuacións na deputación que sabemos que hai oitocentos funcionarios e qeu son moi profesionais iso é indudable, temos o exemplo neste concello si a día de hoxe temos que facer a recadación sería un desastre, a xente non paga, vai pola vía de apremio e se pode ter xestión, non hai dúbida ningunha, xa o dixemos en comisión e non imos a ter ningunha dúbida a hora de aprobalo porque é o mellor para o concello.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención, o Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións e dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que está claro que a próxima vez vai ter vir a falar o Sr. Ansuaga porque imos a falar da prehistoria.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que non sabía que no BNG tiñan un alcalde prehistórico, si é prehistórico porque claro falar da alcaldía do BNG é prehistoria.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que si falamos en termos administrativos si.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que unha persoa que viviu toda a vida da política, que estivo na deputación liberado vinte veces, que foi deputado provincial e non pode dicir que trouxo.





Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que non está presente.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que está a falar do BNG, non representou ao BNG e non foi alcalde, estasme a reprochar a min.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que agora é ela a que está.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que fala de quen lle da a gana, estou a criticar un partido político, e estou criticando que non fixo o que ti me estas a pedir a min.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que cando había un proxecto o ensinaba a oposición.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non houbo ningún, deixou todo enriba da mesa senón dime que foi o que fixo en Santa Catalina, non mercala por douscentas mil pesetas.

Interrompe a Sra. Brage Otero dicindo que non é de recibo.

Continúa o Sr. Alcalde pregunta que máis, que quedou todo enriba da mesa, é unha vergoña que teñades o valor de cuestionar un bipartito no que participades como organización política, porque patrimonio na deputación o leva o BNG, é unha vergoña, unha autentica vergoña o que pasa é que os da igual, non queredes que se faga nada e punto, non queredes que se faga e da igual veña de quen veña, non queredes que se faga nada e punto e xa está.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que non se cuestiona a profesionalidade sexa do partido que sexa non o cuestionamos, o que non pode ser é aprobar un proxecto sin velo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non se aproba ningún proxecto, aprobamos unha delegación o proxecto cando este feito xa vira.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán dicindo que o proxecto ten que vir ao concello.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que o proxecto xa vira, que proxecto van a facer senón lles delegamos, a delegación é para empezar para que teñan competencia para facelo, que van a facer un proxecto sin ter delegación, é que é alucinante.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que é igual.





Responde o Sr. Alcalde sinalando que non é igual, como vai a ser igual, é alucinante que intervención probe gastar cartos en algo sobre o que non teñen competencia, o interventor lles dirá como van a gastar cartos nesto, quen fixo o encargo e agora non lle damos o encargo porque primeiro teñen que facer o traballo sen o encargo eu alucino, alucino.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que o que pon, delegación na deputación provincial da Coruña da contratación das actuacións.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que é porque as vai a externalizar, ou e que vai vir aquí o presidente da deputación e o deputado do BNG co martelo a facer a obra é alucinante, é igual aquí todo o que se trae é igual a gardería, o centro día, sempre en contra de todo que máis dá o que traías aquí.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que en relación con este tema e antes de sometelo a votación evidentemente eu vou a dicir as cousas como son e como sempre as dixen, eu non estaba metido en política ni estaba en nada, no seu momento houbo unha época que só estiven en Cáritas, deixei a política e estiven en organizacións cristiáns de base e ben, vivía en Santiago pero eu recordo que un día que estaba no palco co meu fillo (o concello aínda estaba alí diante) e deronme un libro, era un libro de fotos antigas de Ares editado polo concello, a verdade é que gustoume moito, repartino dende o concello como regalo institucional moitos anos había moitos, e durante anos o regalabamos como regalo institucional porque viñan fotos de lugares de Ares e demáis entón ben, sempre fun consciene de que o concello tamén ten que facer esa labor de recuperación da memoria, da memoria arquitectónica e rehabilitar os espazos e senón tamén recoller esa memoria moito máis diáfana, a memoria a contan e efectivamente quedan ahí, pero a memoria morre con nós e senón ten un soporte físico esa memoria se vai, senón tivermos ese libro de fotografías o poderían contar pero non tiñas efectivamente ese reflexo gráfico entón, nesa labor de recuperación e digo física porque eso existe de gravar iso nun soporte físico que poda quedar eiquí e que ninguén che conte porque a xente que che pode contar por desgraza morre, que se poda ir a unha hemeroteca ou a un soporte onde conste para sempre. Recuperaronse moitas cousas, libros sobre diversos temas, a xente que morreu en Mauthausen, a xente que escapou no Bón Ramón, libros dos nosos indianos, xente que efectivamente escribenos e xa recuperamos tres e agora acabamos de recuperar na falda da Bailadora, é un libro onde se recollen historias nosas todas de Cervás, é







un reflexo de Cervás nunha época onde se recollen todas as tradicións, festas, patróns, recetas de cociña, as empanadas de barbadas, as rodas de Santa Catalina, deste libro só existían cinco exemplares que poidemos recuperalo coa axuda da deputación, chegaron algúns exemplares e en consecuencia ímolos a poñer a disposición do pobo porque son historias do pobo, o pobo as creou e ao pobo volven. Este libro será presentado en Santa Catalina da man dos amigos de Santa Catalina que tivo moito que ver na recuperación deste libro e agradecerlle a familia que ten os dereitos de autor do libro as cesión dos mesmos para facer esta publicación xunto coa deputación, recomendo velo porque é moi interesante e logo os veciños/as de Cervás poden estar ben orgullosos desta pequena historia que recolle as súas costumes, os seus lugares e que proximamente será obxecto de presentación, en consecuencia procedemos a votación do primeiro punto.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación

Sometida a votación a aprobación da “**Delegación na Deputación Provincial da Coruña contratación das actuación para recuperación e posta en valor das baterías militares de Ares.**” o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 do PP) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que unha vez rematada a votación e tendo en conta que é unha sesión extraordinaria non hai mas temas que tratar a non ser que o Sr. Secretario teña que manifestar a convocatoria do pleno.

Responde o Sr. Secretario manifestando que o seguinte pleno será en sesión extraordinaria o vindeiro 8 de febreiro ás 11:00 cun único punto POS+2023.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cuarenta e catro minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

